

Plantilla memoria xustificación económica de reforma do  
Máster en Dirección Pública e Liderado Institucional para  
presentar coa declaración de interese

Universidade de Vigo

Número total de páxinas (aproximado): 10-12 páxinas

# 1. Persoal Académico

## 1.1 PDI da titulación

TÁBOA 1.1:

Proposta de cadro de PDI para a titulación (incluíndo profesorado externo, se é o caso)				
Universidade	Categoría	Total %	Doutores %	Horas %
UVigo	Titular	3 (15%)	100%	15%
	Contratado/a doutor/a	7 (35%)	100%	35%
	Axudante doutor/a	1 (5%)	100%	5%
Externo	Catedrático	2 (10%)	100%	10%
	Titular	5 (25%)	100%	25%
	Persoal non universitario	2 (10)	50%	10%

*En Categoría incluírase a correspondente o profesorado pertencente a Universidade.*

*En Total% indícarase o % do total de profesorado para esa categoría.*

*En Doutores% se indicará o % profesorado desa categoría que son doutores.*

*En Horas% se indicará a estimación do % de horas que esa categoría no seu conxunto destinará o título.*

TÁBOA 1.2

Cadro de profesorado dispoñible								
Univers.	Categ. académica	Nº	Vinculación coa univ.	Dedicación o título		Nº de Doutores	Nº de Quinquenios	Nº de Sexenios
				Total	Parcial			
UVigo	Titular	3	Permanente	X		100%	12	5
	Contratado/a doutor/a	7	Permanente	X		100%	15	4
	Axudante doutor/a	1	Permanente	X		100%	--	--
Externo	Catedrático	2	Permanente	X		100%	10	10
	Titular	5	Permanente	X		100%	21	6
	Persoal non universitario	2	Non vinculado	X		50%	--	--

*A vinculación coa universidade pode ser: Permanente, Temporal, Permanente de centro adscrito, Temporal de centro adscrito, Non vinculado.*

*Ademais das táboas 6.1 e 6.2, poderase incorporar información adicional sobre o profesorado. Por exemplo, si se imparten materias obrigatorias en inglés, pódese facer mención o % de profesorado que está acreditado para impartir docencia en inglés ou táboas co nº de profesorado asociado por categoría cos anos de experiencia docente.*

TÁBOA 1.1: NON PROCEDE

Cadro de novo profesorado necesario				
Universidade	Categoría	Total %	Doutores %	Horas %

## 1.2 Outros recursos humanos

Outros recursos humanos dispoñibles (PAS: Secretaría, Conserxería, Biblioteca, etc...)				
Categoría	Experiencia en el posto (años)	Tipo de vinculación con la universidade	Dedicación	Antigüidade na universidade
<b>Secretaría de Decanato</b>	3 anos e 8 meses	Funcionaria de carreira	TC: tempo completo	14/11/2003
<b>Administradora do Campus de Pontevedra</b>	2 anos e 8 meses	Funcionaria de carreira	TC	28/02/1995
<b>Secretaría da Vicerreitoría</b>	3 anos e 8 meses	Funcionario de carreira	TC	24/08/2008
<b>Xefa da Área de Estudos de Grao</b>	3 anos e 8 meses	Funcionaria de carreira	TC	01/01/1990
<b>Negociado</b>	3 anos e 8 meses	Funcionario de carreira	TC	01/03/2001
	3 anos e 6 meses	Funcionaria interina	TC	10/03/2016
<b>Xefa de Área</b>	3 anos e 8 meses	Funcionaria de carreira	TC	13/04/1999
<b>Negociado da Área de Apoio á Xestión de Centros e Dptos</b>	2 anos e 1 mes	Funcionaria interina	TC	16/02/2018
	3 anos e 8 meses	Funcionaria de carreira	TC	12/06/2000
	3 anos e 8 meses	Funcionaria de carreira	TC	01/12/2000
	3 anos e 8 meses	Funcionaria de carreira	TC	07/10/2002
<b>ÁREA DE SERVIZOS Á COMUNIDADE</b> <b>Xefe de Área</b> <b>Negociado</b>	11 anos e 11 meses	Funcionario de carreira	TC	01/06/1990
	3 anos e 8 meses	Funcionaria de carreira	TC	21/08/2000
	3 anos e 8 meses	Funcionaria de carreira	TC	25/02/1999

Outros recursos humanos dispoñibles (PAS: Secretaría, Conserxería, Biblioteca, etc...)				
Categoría	Experiencia en el posto (años)	Tipo de vinculación con la universidade	Dedicación	Antigüidade na universidade
<b>ÁREA ECONÓMICA</b> <b>Xefa de Área</b> <b>Negociado</b>	3 anos e 8 meses	Funcionaria de carreira	TC	15/06/1993
	3 anos e 8 meses	Funcionaria de carreira	TC	21/05/1993
	3 anos e 8 meses	Funcionaria interina	TC	21/03/2012
	3 anos e 8 meses	Funcionaria de carreira	TC	25/02/1999
<b>Xefa da Área de Estudos de Mestrado e Doutoramento</b> <b>Negociado</b>	3 anos e 8 meses	Funcionaria de carreira	TC	31/05/1993
	3 anos e 8 meses	Funcionaria de carreira	TC	01/03/1999
<b>Biblioteca</b> <b>Dirección.</b>  <b>Subdirección e adquisicións:</b>  <b>Servizo de Soporte á Aprendizaxe e á Investigación:</b>	XUBILADA	Funcionaria de carreira	TC	
	3 anos e 2 meses	Funcionaria de carreira	TC	29/03/1994
	3 anos e 8 meses	Funcionaria de carreira	TC	01/08/2002
	2 anos	Funcionaria interina	TC	06/01/2019
<b>ATIC (1)</b> <b>Técnico Superior TIC</b>  <b>Técnica Superior de Teledocencia</b>	8 anos e 3 meses	PAS laboral fixo	TC	01/01/1990
	8 anos e 3 meses	PAS laboral con contrato temporal	TC	01/09/2003
<b>Técnicos Especialistas de TIC</b>	14 anos e 10 meses	PAS laboral fixo	TC	14/07/1999
	12 anos	PAS laboral con contrato temporal	TC	02/03/2009

## 2 Recursos materiais e servizos

A Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación é o lugar de referencia e reunión entre os estudantes, os docentes e o equipo directivo do Máster. Ao longo destes anos, garantiuse a plena dispoñibilidade dos equipos informáticos necesarios para desenvolver a docencia virtual.

Ao mesmo tempo, asegúrase o mantemento e modernización dos equipos e programas informáticos e da plataforma Moodle. Neste sentido, o Servizo de Teledocencia da Universidade de Vigo crea un novo "Campus Virtual" co comezo de cada curso académico, instalando novas instancias do software que o compón. Estas novas instancias normalmente corresponden á última versión do software dispoñible.

Entre os recursos informáticos para a aprendizaxe a distancia destaca a plataforma de teleformación xestionada directamente polo Servizo de Teledocencia UVigo (Moovi). Os usuarios (estudantes, docentes, coordinación e administración) poden acceder a esta plataforma a través de Internet en calquera momento e lugar. O acceso está restrinxido segundo o perfil do usuario.

Todas as materias do máster dispoñen dunha páxina no Campus Virtual baixo a plataforma de software libre Moodle desde a que os estudantes teñen acceso a diversos contidos do curso: textos, ligazóns, tarefas, recursos, foros, cualificacións e diferentes canles de comunicación síncrona ou asíncrona. Pola súa banda, os docentes, a través da plataforma, acceden a este espazo cun contrasinal persoal e permisos especiais e poden realizar unha serie de accións, desde publicar documentos en calquera formato (Word, PDF, HTML, vídeo, etc.) administrar foros de debate, deseñar probas de avaliación, ata publicar avisos ou comunicarse cos estudantes.

Os servizos dispoñibles na Universidade de Vigo que permiten ofrecer con garantía de calidade este tipo de ensinanzas son os seguintes:

- **Servizo de Teledocencia (Moovi).** Este servizo proporciona as ferramentas e os recursos necesarios para o desenvolvemento da teleformación na Universidade de Vigo e ofrece un servizo de asesoramento e axuda no deseño de proxectos de apoio á docencia virtual. O servizo de teledocencia está formado por un equipo de traballo multidisciplinar que realiza as seguintes tarefas:
  - Deseño, coordinación, supervisión e avaliación de proxectos cuxo obxectivo é a realización de accións formativas en formato mixto ou virtual na Universidade de Vigo.
  - Preparación e asesoramento pedagóxico e técnico ao profesorado na xeración de materiais didácticos para cursos complementarios ao ensino presencial, mixto ou totalmente virtual.
  - Preparación e adaptación de contidos á plataforma de e-learning.
  - Deseño e preparación de plans de formación en plataformas de e-learning para o persoal da UVigo. Estes plans de formación inclúen materiais didácticos, manuais, folletos informativos, guías pedagóxicas e atención ao usuario/a para resolver calquera tipo de problema na implantación da e-learning na Universidade.
  - Formación do profesorado da UVigo nos aspectos metodolóxicos do modelo educativo virtual, no desenvolvemento do seu papel de titor virtual e no funcionamento das plataformas de e-learning da Universidade.
  - Xestión e control de plataformas de e-learning e asistencia a docentes e alumnado no uso das plataformas.
  - Mantemento da infraestrutura informática do servizo.
  - Soporte aos usuarios/as. Atender a calquera consulta ou incidente que se produza durante 24 horas. Hai servizo telefónico para usuarios pola mañá e pola tarde.

Ademais, o servizo conta cunha persoa encargada de coordinar e dirixir o servizo, planificar e priorizar proxectos e representar o servizo ante os diferentes organismos e servizos da Universidade.

Os medios materiais actuais son adecuados en cantidade e calidade para o correcto desenvolvemento do Máster, permitindo os tamaños de grupo esperados, o axuste das metodoloxías de ensino-aprendizaxe, etc.

- **UVigo-TV.** É un servizo de televisión por internet prestado pola Área de Tecnoloxías da Información e a Comunicación (ATIC) da Universidade de Vigo. Agrupa todos os servizos de transmisión de vídeo por Internet da Universidade e pon a disposición dos usuarios contidos audiovisuais educativos e institucionais de acordo co sistema de vídeo baixo demanda ou en transmisións en directo.

UVigo-TV, como televisión corporativa en Internet, permite a transmisión en directo de eventos a toda a rede UVigo ou a toda Internet, segundo o desexe. A súa recepción realízase a través do ordenador persoal coa mesma facilidade que a visualización dunha páxina web. Así mesmo, este sistema permite gravar estes eventos e poñelos a disposición baixo demanda a través da videoteca UVigo-TV.

No mes de marzo de 2020 púxose en marcha Campus Remoto, un novo servizo que centraliza nun único punto as diversas ferramentas de teledocencia da Universidades de Vigo: MOOVI / Faitic, Aulas virtuais "en directo" e Foro do profesorado

En canto ás "Aulas en directo" virtuais, estas permiten impartir a docencia mediante videoconferencia, con funcionalidades adicionais como compartir pantalla e presentacións, chat ou gravación. Para isto, creáronse un conxunto de salas de videoconferencia para cada centro da universidade, baixo BBB (Big Blue Button), plataforma de código aberto.

Pola súa banda, o Foro de profesorado, facilita o soporte técnico necesario para a utilización destes recursos e para que o profesorado poida estar ao día, compartir experiencias e resolver dúbidas.

- **Plataforma de teledocencia.** Moodle é a plataforma que soporta os espazos virtuais das materias do Máster grazas á súa flexibilidade e á súa interface de navegador de tecnoloxía sinxela, eficiente e compatible. As principais ferramentas de Moodle empregadas nas materia do máster son:
  - Módulo de recursos. Admite a presentación de calquera contido dixital, Word, Powerpoint, Flash, vídeo, sons, etc.
  - Módulo de tarefas. Permiten aos docentes cualificar varios tipos de envío de estudantes.
  - Módulo de cuestionario. Permite ao profesorado deseñar e formular cuestionarios de tipo, entre outras opcións: verdadeiro / falso, de elección múltiple e respostas curtas.
  - Módulo do foro, onde se desenvolven a maioría dos debates.
  - Módulo de chat. Permite unha interacción fluída a través de texto síncrono.
  - Valoracións. Todas as notas dos foros, probas e tarefas pódense ver nunha única páxina e descargarse como un ficheiro de folla de cálculo.
  - Glosario. É unha estrutura de texto onde hai "entradas" que levan a un "artigo" que define, explica ou informa do termo empregado na entrada.

Finalmente, o profesorado ten información no Espazo de Coordinación aloxado en Moovi sobre como traballar a virtualización de contidos. Así mesmo, producíronse materiais didácticos para as materias, tendo en conta as características da plataforma de teleformación (Moodle), así como a forma e o estilo de publicación electrónica.

## 2.1 Espazos dispoñibles NON PROCEDE

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE
---

AULA – TIPO XX
----------------

DESCRIPCIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
		Entre NN y NN alumnos/as
DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN (número de espazos do tipo descrito e dotación de cada un)		
Aula de .....		
Laboratorio .....		

## 2.2 Novos espazos necesarios **NON PROCEDE**

TIPOLOXÍA DE ESPAZOS E DOTACIÓN DE INFRAESTRUCTURAS DE DOCENCIA-APRENDIZAXE		
AULA – TIPO XX		
DESCRIPCIÓN XENÉRICA	USO HABITUAL	CAPACIDADE
		Entre NN y NN alumnos/as
DENOMINACIÓN DO ESPACIO E DOTACIÓN (número de espazos do tipo descrito e dotación de cada un)		

Aula de .....	
Laboratorio .....	

### 2.3 Novos equipamentos necesarios **NON PROCEDE**

NOVO EQUIPAMENTO		
DENOMINACIÓN E NÚMERO DE UNIDADES	DESCRIPCIÓN XENÉRICA	CUSTE APROXIMADO

*O plan de estudos debe prever unha dotación suficiente de equipamento e infraestruturas, tanto nas universidades participantes como nas institucións colaboradoras, xustificando a súa adecuación os obxectivos formativos. En concreto, se deben identificar e describir os recursos materiais e servizos clave do Título que se propón (laboratorios, aulas e equipamentos especiais, bibliotecas específicas...) sinalando os mecanismos para seu mantemento, revisión e actualización. Nos casos nos que haxa varios centros propios e/ou adscritos débense sinalar os recursos e servizos dispoñibles para cada un deles.*

*En todo caso, se deben observar os criterios de accesibilidade universal e deseño para todos, segundo o disposto na Lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.*